Prego pol-a cousa mais precisa.

Ouceme, Deus das anduriñas,
que vives no teu reino celestial
en donde as sombras indecisas
están feitas ca luz mais emotiva.

Ti, Deus das ondulaciós do día
escoita as miñas verbas nuas
como as verbas de un anxo
resprandecente, bó, e pequeniño.

Xa sabes que son home
e que as miñas verbas murchas
están cheas dun pó non muiñado
polo vento de todol-os camiños.

Pero Ti, Señor de todol-os abrentes,
que non nasciche nos intres
nin nunha bíxola indecisa,
Ti, comprendes o aer dos meus bicos.

Lévame, Deus, cas xistras
o silenzo donde agonizan as
cotovias. Lévame pra ouvir
a voz das roseiras mais sensibels.

Deus de todal-as ledicias
escoita o meu xíbilo ferido
e olla a miña anguria
cortando os meus latexos vivos.

E mira a miña ansiedade
aboiando nos minuto enfermos
e malditos. Pídoche de xionllos
que recollas, nun voo, os meus saloucos.

(Volta)

Deus, anunciación de escumas,
quixera compoñerche unha oración
pra que oubiras as miñas frases
retorcidas, sintindo o afán do infinito.

Deus, garimo dos sentementos
mais sinxelos, fálalle de ti a ti
o meu probe corazón salvaxe e triste
e dille a túa doce verba mais precisa.

Manoel María

Outeiro de Rei (Lugo), vran, 1950.